



CG/ap

Asunto	Informe en relación á resposta do promotor ao informe do 20.12.2022 da Dirección Xeral de Patrimonio Natural	Clave	PE-PO-008-11(8)
Proxecto	Parque eólico Alto da Telleira		
Espazo natural	Ningún		
Concello	Covelo, A Cañiza		
Provincia	Pontevedra		
Solicitante	Servizo de Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación	Ref.	IN661A/2011/3-4
Promotor	Alto da Telleira S.L.	Ref.	

I. Antecedentes administrativos.

Mediante oficio do 11.01.2023 do Servizo de Enerxía e Minas da Vicepresidencia Primeira da Consellería de Economía, Empresa e Innovación tivo entrada, na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, resposta da promotora do 10.01.2023, ao informe desta dirección xeral do 20.12.2022 sobre o estudo de impacto ambiental do parque eólico Alto da Telleira.

Con esta fin acompáñase a seguinte documentación:

- Escrito do 10.01.2023 de Alto da Telleira S.L., que ten por asunto: “respuesta al “Informe complementario sobre efectos sinérgicos no marco da avaliación ambiental” emitido el 20 de diciembre de 2022 por la Dirección Xeral de Patrimonio Natural – Clave PE-PO-008-11(7)”. O escrito está dirixido á DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E RECURSOS NATURAIS da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.
- Escrito do 10.01.2023 de Alto da Telleira S.L., que ten por asunto: “RESPUESTA AL INFORME TERCERO EMITIDO POR LA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL, EN RELACIÓN AL ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL”. O escrito está dirixido á DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E RECURSOS NATURAIS da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación. Con este escrito se acompañan os seguintes documentos:



- ❖ Respuesta Informe PE-PO-008-11 7 DXPN PE Alto da Telleira IN661A 2011 3-4.
- ❖ Documento Técnico para Revisión del Informe PE-PO-008-11 7. Diciembre 2022.
- ❖ Medidas Propuestas en respuesta al Informe PE-PO-008-11 7. Enero 2023.

Con anterioridade e dentro do procedemento de avaliación ambiental esta Dirección Xeral de Patrimonio Natural emitiu un informe en relación á caracterización dos efectos sinérxicos do parque eólico de referencia. Este informe foi requirido polo órgano ambiental, Servizo de Avaliación de Proxectos da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, evacuándose o informe evacuouse o 20.12.2020. O informe evacuado era desfavorable á implantación do proxecto ao determinarse un impacto ambiental crítico da análise de efectos sinérxicos e/ou acumulativos sobre a avifauna e os quirópteros.

Previamente o 28.10.2022 esta Dirección Xeral de Patrimonio Natural emitiu un informe ao Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, devandito informe integrábase no mesmo procedemento de avaliación de impacto ambiental. Neste informe considérase que non é previsible que o proxecto xerase efectos significativos, sendo compatible coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade, polo que se emitía informe favorable, sempre supeditado a unhas condicións que se recollían no mesmo.

II. Resumo e análise da documentación.

A documentación que se achega da promotora vai dirixida á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais coa finalidade de que se traslado da mesma a esta Dirección Xeral de Patrimonio Natural (DXPN) co fin de que se deixe sen efecto, polos motivos que se expoñen, o informe do 20.12.2022, e subsidiariamente, de non acceder a esta solicitude, que se valore a proposta conforme ao que indican na alegación quinta.



De acordo con isto no escrito preséntanse alegacións que pretenden poñer de manifesto que non procede a emisión do informe en sentido desfavorable da DXPN do 20.12.2022. Neste escrito se presentan 5 alegacións, cuxos encabezados son os seguintes:

- Primeira.- Antecedentes de necesaria consideración.
- Segunda.- Vulneración de la doctrina de los actos propios.
- Tercera.- El Informe complementario no justifica ni motiva con fundamentación suficiente el cambio de criterio respecto del Informe favorable anterior.
- Cuarta.- Justificación técnica de la inexistencia del impacto ambiental crítico y sinergia negativa que se indica en el Informe complementario.
- Quinta.- Medidas adicionales al Proyecto.

A continuación se procederá a interpor inicialmente unha sucinta referencia ao contido considerado esencial destas alegacións para de seguido proceder a efectuar as observacións ás mesmas por parte da DXPN.

As alegacións presentadas con independencia do seu número expoñen tres alicerces básicos, consistentes en:

1. Nun primeiro piar manifesta a súa plena desconformidade co que consideran un cambio de criterio por parte da DXPN entre o informe emitido o 28.10.2022 (de carácter favorable á execución do proxecto) e o posteriormente evacuado o 20.12.2022 (de carácter desfavorable). Consideran que supón un cambio de criterio ante as mesmas circunstancias conconcorrentes na data de emisión do informe favorable anterior, sen que se alterara ningún elemento nin exista nova información, documentación ou normativa que xustifique unha valoración diferente. Neste senso destacan o que eles consideran que o informe do 20.12.2022 carece de motivación suficiente que xustifique o cambio de criterio. De acordo con estas suposicións refiren e concretan os preceptos legais que este proceder vulnera.
2. Nun segundo corpo expositivo se entra xa a cuestionar o sentido desfavorable do último informe do 20.12.2022. Neste marco acusan numerosos aspectos, tal que:





- ❖ “El Informe complementario adolece de falta de motivación suficiente basada en datos reales y ciertos”.
- ❖ “El Informe complementario se basa en argumentos genéricos referidos a un posible escenario hipotético, que no acreditan la existencia real de un efecto sinérgico negativo”.
- ❖ “El Informe complementario no analiza los impactos ambientales concretos del Proyecto, sino que se limita a invocar la presencia de otros parques en la zona como único argumento que impide informar favorablemente el Proyecto Parque Eólico Alto da Telleira”.
- ❖ “Parece que la Dirección Xeral de Patrimonio Natural se ha limitado a consultar el Rexistro Eólico de Galicia y a realizar una enumeración de los proyectos allí recogidos, sin un análisis específico de los mismos, y sin tener en cuenta el orden de prioridad”.
- ❖ “Este criterio que equipara proyectos ejecutados con proyectos en tramitación y con nuevas solicitudes, sin un análisis específico de la supuesta realidad”.
- ❖ “Así, en el caso del Parque Eólico Paradanta es preciso señalar que a la fecha de presentación de este escrito, dicho Proyecto ni siquiera ha sido sometido a Información Pública[...].Por tanto, a la vista de su estado de tramitación, no es correcto aplicar el Proyecto promovido por Paradanta Eólica, S.L. para estimar la ocupación del ADE o los efectos sinérgicos que puedan producirse con el Proyecto Parque Eólico Alto da Telleira”.

Neste segundo corpo expositivo tamén se fan unha serie de referencias ao análise efectuado pola DXPN no informe do 20.12.2022, que teñen o mesmo senso que aqueles que se acaban de referir, así recollen o seguinte:

*“Así, el Informe complementario señala que “En total téñense en conta todos os parques eólicos en explotación ou autorizados, **en tramitación, nova solicitude** no ámbito de 15 km respecto a os aeroxeradores do parque eólico Alto da Telleira””.*





“Se debe indicar con respecto absoluto, que los Proyectos en tramitación y nuevas solicitudes no pueden ser consideradas como parte del supuesto “alto nivel de ocupación”, y en todo caso, al analizar las sinergias, se debe establecer la prioridad o prevalencia de cada Proyecto(...)”

Se ben as observacións por parte de esta DXPN a cada un destes conxuntos expositivos se fará máis adiante cabe resaltar pola súa singularidade e relevancia un par de aspectos. O primeiro en relación aos dous parágrafos que se acaban de transcribir, así no primeiro o promotor alude a un texto literal do informe do 20.12.2022, para logo no segundo parágrafo argumentar que non procede empregar parques de **nova solicitude ou en tramitación** (argumento que como vimos máis enriba repite). Así, se resaltaba esta cuestión pois en realidade o contemplado no primeiro parágrafo, que se atribúe a metodoloxía da DXPN, se corresponde coa metodoloxía empregada polo promotor no seu EslA, a dirección xeral non empregou este método. Si se lee detidamente o informe do 20.12.2022 poderá verificarse que nel se atribúe a autoría dese procedemento ao contido da documentación do promotor.

En segundo lugar cabe tamén matizar unha apreciación de características similares no texto de alegacións. Neste caso tamén se trata dunha atribución inexacta novamente, no senso que se atribúe outra vez a autoría a DXPN cando o autor é o propio promotor (véxase novamente o informe do 20.12.2022). Neste caso o texto na alegación refire o seguinte (en **negrita** o texto atribuído a DXPN, pertencente en realidade ao promotor):

*“La falta de un análisis concreto de los efectos reales que se pueden producir como consecuencia de las eventuales sinergias entre distintos Proyectos se evidencia del propio contenido del Informe, que llega a señalar lo siguiente: **“A cartografía do hábitat dos parques eólicos próximos non está dispoñible, polo tanto, no se puido avaliar de maneira precisa os efectos sinérxicos ou acumulativos, pero que non afectarán directamente a ningún hábitat propio da zona ZEC pola ocupación directa do terreo.”***

Es decir, el propio Informe reconoce que existen determinados efectos acumulativos y sinérgicos que no se han podido valorar por no disponer de





determinada cartografía y, sin embargo, informa el proyecto desfavorablemente amparándose en la supuesta concurrencia de efectos sinérgicos negativos que producirían un impacto crítico. No se puede aceptar que, sin hacer un análisis concreto de las eventuales sinergias concurrentes de forma efectiva, se pretenda defender su existencia de forma automática por la mera existencia de más Parques en dicha ADE”.

Aquí, o promotor, o que está facendo é desacreditando sen paliativos o seu propio estudio de efectos sinérxicos.

Se nos vamos ao “DOCUMENTO TÉCNICO PARA LA REVISIÓN EL INFORME PE-PO-008-11(7). PARQUE EÓLICO ALTO DA TELLEIRA”, vemos que no seu punto 2 o analista recolle ao contrario que parte dos argumentos que pretenden desacreditar o informe, que “considerando para el cálculo los aerogeneradores en explotación o aprobados, así como aquellos proyectos con hito en el mes de enero del año 2023”.

Neste estudio tamén se fai eco da metodoloxía sinalada pola DXPN no seu informe reproducindo a mesma en grande medida, non obstante non chega a axustarse, pois fia o seu argumento principal no feito de que a área de ocupación derivada da metodoloxía seguida por esta DXPN é porcentualmente baixa, cando, tal e como se refire no informe, a metodoloxía estruturase en dúas partes, unha inicial para unha primeira valoración do efecto do conxunto dos parques eólicos sobre as áreas de campeo e que da unha aproximación ao efectos baleiro/barreira, para logo proceder a unha análise local, que considere as casuísticas concretas da zona bioxeográfica (esta parte, fundamental, non e considerada). Así o analista consultor centra a análise na primeira parte, na de aproximación, na cal observa que en aparencia o resultado non é de grande magnitude, non obstante o anterior, a segunda parte que non se valora é esencial, pois permite ir máis alá e incluír aspectos como a distribución nun entorno bioxeográfico concreto.

3. En último lugar hai un terceiro corpo expositivo relativo a unha proposta de modificación do proxecto.





Neste caso indican, e subliñan reiteradamente, que no hipotético suposto de que se considerase que o informe complementario fose válido (circunstancia coa que manifestan que de ningún xeito estarían de acordo), requiren que se valoren as medidas propostas que non alteran as condicións esenciais do proxecto nin supoñen modificacións de aspectos ambientais que afecten á súa tramitación, e que se recollen no documento técnico adxunto ao presente escrito denominado Medidas Propostas en resposta ao Informe PE-PO-008-11 7. Xaneiro 2023, e que consisten, esencialmente, no seguinte:

- ❖ Eliminación dos aeroxeradores nº 1, 2, 3, 4, 7 e 9.
- ❖ Eliminación de todas as infraestruturas asociadas a tales aeroxeradores: viais, plataformas, áreas de provisión, gabias para condutores, etc.
- ❖ Mantéñense as características dimensionais e as localizacións iniciais para o restantes tres aeroxeradores do proxecto (5, 6 e 8), a excepción do aeroxerador nº 6 que pasa do modelo V162 (diámetro de rotor 162 e altura de buxe 119 m) ao modelo V150 (diámetro de rotor 150 m e altura de buxe 105 m).
- ❖ Para os tres aeroxeradores finais, increméntase a potencia unitaria dos mesmos, pasando de 5,6 MW a valores unitarios de 6,0 MW e 6,2 MW segundo modelo.
- ❖ Desde o punto de vista sinérxico, de acordo con o criterio da DXPN, a eliminación dos cinco aeroxeradores (1, 2, 3, 4, 7 e 9) permite a liberación dunha superficie de 808 ha.
- ❖ Proposta de custodia do territorio.

Unha vez feita esta posta antecedentes dos corpos principais das alegacións presentadas pola promotora procede de seguido interpor as observacións desta DXPN ao respecto das mesmas. Dividiranse as respostas tamén en tres bloques.

1. Resposta ao primeiro bloque expositivo:

Esencialmente o promotor neste primeiro corpo expositivo supón que a DXPN cambia de criterio e que non o motiva, sendo unha actuación contraria a dereito.



Neste sentido indicar que é correcto o sinalado en relación a que o primeiro informe do 28.10.2022 tiña un carácter favorable e que o posterior do 20.12.2022 desfavorable. Tamén é correcto o que se indica cando se refire que para o informe do 28.10.2022 xa se dispoñía da mesma información, documentación ou normativa, que había para cando se emitiu o informe do 20.12.2022. Non obstante o anterior non hai un "cambio de criterio", simplemente se incorpora no segundo informe unha análise que, a solicitude do órgano ambiental, precisaba ser incorporada ao informe para complementalo adecuadamente. Para atender a esta e outras solicitudes similares houbo que establecer unha metodoloxía de análise, froito da cal produciuse un resultado con sentido desfavorable.

Neste senso tamén cabe destacar que non se volta informar sobre elementos xa informados, posto que non se fixera unha análise e valoración de efectos acumulativos e sinérxicos sobre o patrimonio natural e a biodiversidade. Engadir, en todo caso, que o procedemento administrativo no cal se integra o informe da DXPN en ningún momento chegou ao seu termo, non habendo por tanto unha resolución, autorización e declaración de impacto ambiental do mesmo, cuestión que permite subsanar, ao igual que o promotor, asuntos complementarios.

Os motivos primeiros da emisión do informe, tal e como se recolle no mesmo, son os derivados da solicitude que o órgano ambiental fai a esta DXPN o 19.12.2022 e especificamente en relación a caracterización dos efectos sinérxicos do parque eólico de referencia.

Non obstante esta consideración por parte do promotor cabe sinalar que a motivación que leva a informar negativamente o proxecto é clara, no mesmo escrito se chega a recoller, e ben sendo a xeración de impactos negativos sobre o patrimonio natural e a biodiversidade, en concreto sobre a poboación de aves e quirópteros. Impacto que se producen nun entorno no cal a capacidade de acollida do medio se atopa no límite, xunto coa homeostasis e resiliencia do ecosistema, cuestión que é analizada no marco dos efectos sinérxicos e acumulativos deste parque eólico.



2. Resposta ao segundo bloque expositivo:

Esencialmente o promotor neste segundo corpo expositivo cuestiona o sentido desfavorable do último informe do 20.12.2022, criticando diversos aspectos, nos cales destacan o uso indiscriminado de aeroxeradores e parques, con independencia do seu estado de tramitación e que en ampliación da metodoloxía os resultados obtidos non son porcentualmente negativos, tamén hai referencias varias a xeneralidade do análise.

En primeiro lugar cabe indicar que en relación as observacións que o promotor efectúa sobre o parque de Paradanta se detecta que este parque eólico explicitado no informe do 20.12.2022 foi introducido de maneira errónea no mesmo. En todo caso non se considerou nas análises. Na metodoloxía tal e como se recolle no informe, e a consultora da promotora tamén reconece, *"Consideráronse tanto as máquinas en funcionamento ou aprobadas como as dos proxectos con fito en xaneiro de 2023"*. Así que tal e como se sinala non se introduciron parques nin máquinas relativas a novas solicitudes. Tamén é importante referir que se tivo presente a prelación temporal na análise, como se desprende ao sinalar aos proxectos do fito de xaneiro de 2023, os cales se incluíron e sopesaron no marco da análise en devandito informe.

Tocante a crítica relativa a metodoloxía cando o promotor fai unha reprodución dos resultados, cabe remitirnos ao referido no resumo do expositivo mesmo. En todo caso, insistir nos conceptos básicos e esenciais do método exposto, así, tal e como se refire no informe, a metodoloxía estruturase en dúas partes, unha inicial para unha primeira valoración do efecto do conxunto dos parques eólicos sobre as áreas de campeo e que da unha aproximación ao efecto baleiro para logo proceder a unha análise local, que considere as casuísticas concretas da zona bioxeográfica. Isto permite unha primeira análise máis sistemática e reglada e unha segunda xa mais especializada onde a opinión experta é fundamental.

Por outro lado as adxetivacións relativas vertidas como *"falta de un análisis concreto de los efectos reales"* ou *"argumentos genéricos"* non ven acompañado de unha descrición específica que avale estas teses. En todo caso indicar o





desacordo con esta valoración, ao contido no informe nos remitimos, e as matizacións que se efectuaron a metodoloxía concreta seguida. Subliñar no tocante a especificidade do informe e a análise que, como se observa no mesmo, hai alusión concreta a un área xeográfica, a unha veciñanza con outras instalacións que se identifican e cuantifican, e a unha descrición da situación atendendo a distribución no territorio nun marco bioxeográfico específico.

En todo caso convén voltar a rescatar neste apartado a propia descalificación que o promotor fai do seu propio EsIA, cando confunde a autoría de parte do contido do informe do 20.12.2022 (véxase a síntese do corpo expositivo 2º). Resaltar unicamente que o promotor neste marco ven a sinalar sobre o contido do seu documento o seguinte:

*“La falta de un análisis concreto de los efectos reales que se pueden producir como consecuencia de las eventuales sinergias entre distintos Proyectos se evidencia del propio contenido del Informe, que llega a señalar lo siguiente: **“A cartografía do hábitat dos parques eólicos próximos non está dispoñible, polo tanto, no se puido avaliar de maneira precisa os efectos sinérxicos ou acumulativos, pero que non afectarán directamente a ningún hábitat propio da zona ZEC pola ocupación directa do terreo.”***

Es decir, el propio Informe reconoce que existen determinados efectos acumulativos y sinérgicos que no se han podido valorar por no disponer de determinada cartografía y, sin embargo, informa el proyecto desfavorablemente amparándose en la supuesta concurrencia de efectos sinérgicos negativos que producirían un impacto crítico. No se puede aceptar que, sin hacer un análisis concreto de las eventuales sinergias concurrentes de forma efectiva, se pretenda defender su existencia de forma automática por la mera existencia de más Parques en dicha ADE”.

3. Resposta ao terceiro bloque expositivo:

Neste punto o promotor fai unha proposta que modifica o proxecto no número de aeroxeradores, no tamaño destes e nas infraestruturas e instalacións asociadas, diminuíndose. Nesta proposta o número de aeroxeradores pasaría de 9 a 3, manténdose as posicións dos que quedan (máquinas 5, 6 e 8).



A proposta vén acompañada dun compromiso de plan de custodia:

“De aceptarse la configuración final propuesta para el parque eólico Alto da Telleira (PE Alto da Telleira Propuesto), Alto da Telleira S.L. asumirá el compromiso para el establecimiento de un plan de custodia del territorio en al ámbito de los hábitats naturales prioritarios más relevantes cartografiados en el EslA del parque eólico Alto da Telleira (turberas y brezales húmedos), con el fin de preservar y mantener la conectividad ecológica de territorio. Dicho plan se realizará en concordancia con la Administración competente y mediante acuerdos específicos con las CMVMC titulares de los terrenos. (plano 6).”

O plan de custodia, que segundo o plano presentado abarcaría unhas 60 ha, non está definido e enfócase cara á conservación de hábitats naturais prioritarios. Sobre esta cuestión, debe indicarse que a superficie proposta compensa aproximadamente un 11 % da área comprendida a 1 km ao redor dos tres aeroxeradores, unha cifra pouco ambiciosa. Por outro lado, podería ser relevante a medida sempre que se enfoque cara á mitigación do impacto sobre a avifauna, dado que se determinou que os efectos sinérgicos prexudican a este grupo.

Os aeroxeradores que quedan se manteñen concentrados e nunha aliñación este-noroeste. Os que se eliminan se distribúen un ao noreste, outro ao sur e catro ao sureste desta nova proposta.

Nesta situación os aeroxeradores máis próximos doutros parques serían: “Alto de Montouto” ao sur, con DIA finalizada, e “Chan do Eixo” ao norte, con DIA en tramitación. Todos eles comparten a subestación de Alto da Telleira. Estes tres parques constitúen actualmente pola súa proximidade e distribución unha mesma unidade, compartindo subestación. Esta descrición é relevante pois na análise de viabilidade se debe considerar o conxunto, e mais nun suposto destas características de unidade espacial. Así as decisións que se adopten para este parque consideran aos outros e por tanto hai consecuencias compartidas.

Sinalado o anterior e tendo presente o recollido na análise do informe do 20.12.2022 e o informado en relacións aos outros parques eólicos, Chan do Eixo e Alto do Montouto, o primeiro negativo e o segundo positivo, se determina o seguinte:



O parque de "Alto de Montouto" foi positivo por estimarse que *"O parque eólico Alto de Montouto é o suficientemente pequeno e atópase amplamente separado doutros proxectos, polo que se estima que os efectos sinérxicos non son incompatibles"*. Non se pode obviar que foi positivo nun contexto explicitado no cal os de "Alto da Telleira" e "Chan do Eixo" eran negativos, entre outros parques.

Na situación que agora se plantexa con 3 aeroxeradores para Alto da Telleira temos unha veciñanza directa cos de "Chan do Eixo" e "Alto de Montouto", sendo a magnitude das distancias superior para o caso de "Alto de Montouto" (con informe positivo) que co de "Chan do Eixo" (con informe negativo). Nesta configuración o parque modificado de Alto da Telleira se mantería a unha distancia en torno aos 5 km do de "Alto de Montouto" e de entorno a 2,8 km do parque existe máis próximo que é o de "Deva"; o parque eólico de "Chan do Eixo" sería o máis próximo, en torno aos 1,9 km, pero ten informe negativo.

Estes feitos revelan un nivel de permeabilidade que propician que poida asumirse que o efecto barreira sexa asumible dada a distribución e localización da nova configuración que se acaba de describir, isto sempre e cando se manteñan as demais variables.

En canto ao efecto baleiro, pode mitigarse sempre que o plan de custodia dirixase a corrixir o impacto sobre a avifauna.

Considerando o sinalado no artigo 3.2 do Regulamento (UE) 2022/2577 del Consejo de 22 de diciembre de 2022 por el que se establece un marco para acelerar el despliegue de energías renovables, polo que se refire á protección de especies, **débese dar prioridade** á construción e explotación de instalacións de produción de enerxía eólica sempre que se adopten medidas adecuadas de conservación de especies que contribúan a manter as poboacións desas especies nun estado de conservación favorable, ou a restablecelas a ese estado, e destínense suficientes recursos financeiros, ademais de zonas, para ese efecto.

Por tanto se considera que, a igualdade dos demais parámetros (parques do entorno), o parque modificado é posible en atención a permeabilidade que o



entorno inmediato mantén de cara os efectos sobre as sinerxias sobre aves e quirópteros e a mitigación a través do plan de custodia.

III. Conclusións

Á vista dos antecedentes e da análise da documentación considérase que o informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural do 20.12.2020 non supón un cambio de criterio e está pertinentemente motivado. Así mesmo a análise específica efectuada sobre os impactos sinérxicos e acumulativos sobre o patrimonio natural e a biodiversidade, con atención ás aves e quirópteros, e específico para a situación administrativa e bioxeográfica, tal e como se referiu no apartado precedente, quedando patente esta situación tamén a luz das observación do promotor ao seu propio documento ambiental.

Á vista dos antecedentes e da análise e valoración realizada sobre os posibles efectos acumulativos e/ou sinérxicos do parque eólico Alto da Telleira, infórmase que **o presente proxecto, tras as modificacións, non provoca efectos sinérxicos incompatibles no ámbito das nosas competencias, sempre que se cumplan as seguintes condicións:**

- O proxecto desenvolverase só coas tres máquinas propostas.
- O plan de custodia exposto enfocarse cara á creación de hábitats con vexetación de baixo porte, onde o manexo da cuberta vexetal logre unha estrutura heteroxénea, rica en ecotonos, cunha alta dispoñibilidade de especies presa para as rapaces de tamaño pequeno e mediano e melloras no seu hábitat de nidificación.

Na devandita superficie limitaranse os aproveitamentos cinexéticos que poidan reducir a dispoñibilidade de especies presa. A elección definitiva das superficies de xestión incorporadas ao acordo de custodia terá en conta a dificultade de accesos rodados.

Devandito plan será presentado á Dirección Xeral de Patrimonio Natural, que deberá aprobalo antes do inicio das obras.



— O proxecto cumprirá co resto de medidas requiridas no informe de 28.10.2022.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O xefe do Servizo de Análise de
Proxectos, Plans e Programas

O subdirector xeral de Espazos Naturais

Carlos González Andrés

Tomás Fernández-Couto Juanas